

420.000 euros para mellorar o entorno da piscina e accesos ao centro de saúde

Páxina 8

31 entidades reciben axudas da Deputación para actividades turísticas

Páxina 12

Comezou a demolición da pirotecnia de Baldráns

Páxina 15

Salceda ficha a Laura Seara para elaborar o II Plan de Igualdade

Páxina 17

400.000 euros para mellorar a rúa Donantes de Sangue en O Porriño

Páxina 19



O Club Ciclista Ponteareas campeón de Galicia por partida dobre

Páxina 2

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Chus Garrote na súa presentación como candidata á alcaldía anuncia compromiso do Ministerio de Fomento coa circunvalación de Ponteareas

Ponteareas tinguiuse de vermello para lanzar a candidatura da actual tenente de alcaldesa, Chus Garrote, que en maio “será a alcaldesa desta localidade”. Así o asegurou o secretario xeral provincial, David Regades, un dos dirixentes do partido que arroupou á candidata na súa presentación.

Nun acto celebrado na Praza Maior ponteareán a a candidata á alcaldía de Ponteareas asegurou “hoxe é un día importante para min, pero tamén para Ponteareas”. “O futuro desta vila está nas nosas mans”, remarcou Garrote baixo unha carpa que protexía ás preto de 200 persoas que quixeron acompañar á candidata.

Aproveitou a ocasión para facer un anuncio de calado. “Hoxe quero comunicar aquí unha noticia que sei que están esperando moitas veciñas e ve-

ciños: nesta semana que entra o Ministerio de Fomento enviará un convenio para a construción da nova circunvalación de Ponteareas”. A esa medida hai que engadir que o mes próximo empezará a redacción do proxecto de seguridade viaria da N-120 ao seu paso pola localidade.

Denunciou que cando chegaron ao goberno vai facer agora catro anos. “O Concello era un caos”, asegurou; “pero nestes catro anos conseguimos reverter a situación” poñendo no centro da acción “as políticas sociais: comedores escolares, campamentos de verán, multiplicamos por catro a inversión en igualdade”.

David Regades, secretario xeral provincial, quixo mostrar o apoio “de todo o partido da provincia de Pontevedra” a Garrote. “Nós non gobernamos



igual que o Partido Popular, que a dereita”, defendeu Regades, que recordou que na Deputación de Pontevedra cando gobernaba o PP “nin había un servizo de Igualdade nin había presuposto para esa área; con Carmela Silva iso xa non é así”.

Ao redor da igualdade xirou o discurso

de Carmela Silva, presidenta da Deputación. “É o eixo principal que atravesas todas as políticas que aplicamos desde a institución que presido”, defendeu a socialista, “e sei que Chus Garrote tamén o fai desde o concello”.

Gonzalo Caballero dixo “tes feito unha labor encomiable desde a tenencia de alcaldía, e seguirás a facelo cando ostentes o bastón de mando”, afirmou sen deixar lugar a dúbidas o

secretario xeral galego. Caballero mostrou seguro de que as próximas eleccións municipais “serán o principio do fin de Feijóo como presidente da Xunta de Galicia”. “Hai unha vaga progresista que percorre España e Galicia, e que lidera Pedro Sánchez” como presidente do Goberno.

Cirrios e morcegos volverán ao Castelo de Sobroso coa instalación de niños

Os cirrios, que están experimentando un decrecemento da súa poboación en todo o continente europeo, e os morcegos poderán retornar ao Castelo de Sobroso tras a instalación de niños artificiais en distintos puntos da edificación. Esta iniciativa, impulsada pola Deputación de Pontevedra, ten por obxectivo favorecer a formación de colonias destas dúas especies, conservar a biodiversidade e poñer en valor do patrimonio histórico e natural da provincia. A actuación, que contou coa asistencia técnica da Sociedade Española de Ornitología (SEO BirdLife), xurdiu pola necesidade de repoñer os ocos para aninhar que se perderon no entorno do castelo.

A actuación para recuperar as colonias de cirrios e morcegos no entorno de Sobroso consistiu na colocación de caixas-niño para cada unha destas especies. No primeiro caso, procedeuse á instalación de oito refuxios (dous deles na torre e seis na fachada principal) con capacidade para 16 niños. O material empregado é de gran durabilidade e un dos máis recomendados por distintas asociacións conservacionistas de aves. Así mesmo, o modelo en cuña adáptase ás ca-



racterísticas do lugar de colocación e reduce o impacto visual dende o exterior do castelo. Con respecto aos morcegos, procedeuse á instalación de dúas caixas de madeira no tiro da cheminea da torre pola que acceden actualmente á edificación.

Cirrios e morcegos, xunto a outras especies, atopan nos edificios históricos un lugar ideal de residencia, especialmente nos ocos e saíntes das construcións máis antigas. Porén, os cambios nas estruturas de ditas edificacións poden provocar a desaparición das colonias de aves que aninhan en ditos lugares, ou dos morcegos que habitan neles. Segundo SEO BirdLife, é preciso compensar a perda destes niños no Castelo de Sobroso para protexer a fauna local.

O Club Ciclista Ponteareas campeón de Galicia por partida dobre



O Club Ciclista Ponteareas proclamouse o pasado fin de semana campeóns da Copa de Galicia de Ciclocross nas categorías Cadete e Xuvenil.

Na categoría Cadete Miguel Rodríguez despois dunha gran tempada de ciclocross defendendo o maillot de lider proclamábase Campeón da Copa de Galicia de Ciclocross 2018, a falta de 3 probas.

Tamen na categoría Xuvenil

Jorge Fernández defendía o maillot de lider despois de varias carreiras gañando na súa categoría, proclamándose tamen Campeón da Copa de Galicia de Ciclocross 2018

Na categoría Elite-Sub23 Adrián Barros colocase na segunda posición a poucos puntos do lider, a falta de 3 probas, co cal aínda non esta definido, pero xa demostrou a gran progresión e o nivel no que se atopa.

Programación de Nadal con campamento ambiental nas Neves

O Concello das Neves vén iniciar o prazo para inscribirse no Campamento Ambiental 'O noso medio', pensado para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral durante as vacacións de Nadal.

O mesmo, que será de balde, abrirase o luns, día 24 de decembro e durará ata o venres 4 de xaneiro de 2019. Poderán participar no mesmo nenas e nenos de entre 4 e 12 anos de idade que poderán participar en diferentes actividades dende as 9 da mañá. As inscricións poden facerse xa no enderezo info@faia.gl.

Este campamento forma parte da 'Programación de Nadal' impulsada polo Concello das Neves que abrangue, entre outras propostas:

Obradoiro de Decoración de Nadal, para nenas e nenos de 5 a 12 anos (entre o 4 e o 19 de decembro, na Bi-

blioteca Municipal); Concerto Didáctico 'Dúas picariñas ourensás', da man de Senén Vaamonde e dous músicos do grupo A Roda, dirixido a país e nais con nenas e nenos a partir de 2 anos de idade, o sábado 22 de decembro, ás 6 da tarde na Biblioteca Municipal.

'Concerto de Nadal' da Banda de Música de Rubiós, o domingo, día 23, ás 7 da tarde no Auditorio Municipal (ao remate haberá chocolate e Requeixo servido pola Cooperativa do Requeixo e Mel das Neves).

6ª Carreira Popular Solidaria do Pavo, o luns, día 24, con saída na Praza Maior, organizada pola ACD Sanomedio; visita do Apalpador e Apalpadora, o venres 28 de decembro ás 12 na Praza do Concello ou, se chove, no Mercado Municipal.

Actuación Infantil 'María

Fumaça', venres 28 ás 6 da tarde no Auditorio Municipal; o sábado 29 e domingo 30, de 10 da mañá a 9 da noite, 'Mercadiño de Nadal: da man que ti queiras', na Casa da Xuventude.

Concerto de Ano Novo de Corais, o domingo 30 de decembro, coa Coral Santa María das Neves e o coro invitado Lacedorium de Salvaterra de Miño, ás 6 e media da tarde no Auditorio Municipal con chocolate ao remate xunto con Requeixo e Mel.

Cabalgata de Reis, organizada polo Concello, coa colaboración do Voluntariado de As Neves, o sábado 5 de xaneiro de 2019, con saída ás 6 da tarde dende a Ronda do Montesol, con percorrido polo centro da vila e remate no Pavillón Municipal. Haberá obradoiros, inflables, e entrega de agasallos aos máis pequenos.

6ª Carreira do Pavo nas Neves o 24 de decembro



A Asociación Cultural e Deportiva Sanomedio e o Concello das Neves presentaron a sexta edición da carreira popular e solidaria do Pavo nas Neves. O vindeiro 24 de decembro na tarde previa a noiteboa pequenos e maiores disputarán esta proba deportiva polas rúas das Neves.

Esta carreira xunta a parte competitiva, a familiar ou veciñal e a solidaria. Hai participantes que compiten por gañar a proba, outros participan de xeito festivo e todos o fan

de xeito solidario, porque cada corredor ou corredora debe entregar alomenos un quilo de alimentos non perecedeiros que será donado a servizos sociais do concello nevés.

Na presentación, amais de membros do clube ACD Sanomedio, o Alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez e o Concelleiro de Deportes, Oscar González, estiveron corredores e colaboradores locais como Ana Isabel Domínguez e o corredor e colaborador Bernardo Durán.



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta co campo galego

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Pontearreas

HUMOR

LUIS MAC BEATH



FRANCISCO PUÑAL



PONTEAREAS

Aforamento completo no xantar de nadal do PP de Ponteareas

O PP colgou o cartel de aforamento completo na súa comida de Nadal celebrada no restaurante "El otro mundo del Tea". O presidente provincial, Alfonso Rueda, e máis de 500 comensais arrouparon á candidata á alcaldía de Ponteareas, Belén Villar.



Villar agradeceu o esforzo ao seu equipo por conseguir esta gran mobilización que triplicaba a asistencia da última comida celebrada en 2017. A candidata pediu a confianza dos asistentes para axudar ao PP para conseguir a maioría absoluta necesaria en 2019. "Imos empezar un ano, e con

el novos propósitos, eu para este 2019 propoñovos un cambio: deixar a parálise na que se atopa Ponteareas nestes últimos anos para facer a partir de 2019 unha vila de oportunidades para todos". En canto ao goberno actual, Villar dixo que "estiveron catro anos sen facer nada e que agora a cinco meses das eleccións anuncian unha chea de proxectos para tentar volver confundir aos veciños".

Novas Xeracións de Ponteareas adiantouse á intervención de Belén Villar cunha sorpresa, a proxección na sala dun emotivo vídeo, a modo de homenaxe, que conseguiu conmover



á candidata á Alcaldía. Na súa intervención Alfonso Rueda afirmou " Fixemos unha moi boa elección fai uns meses. Belén, tes que seguir a traballar como estás traballando". Da

candidata á alcaldía, Rueda destacou que "Belén ven a Santiago con problemas de Ponteareas para tentar resolvelos, fai ou que non está a facer o alcalde actual".

II Torneo solidario de bádminton do Concello de Ponteareas

O domingo 23 de Decembro de 9:00 a 14:00 horas celébrase no Pavillón Municipal Álvaro Pino o II Torneo solidario de bádminton do Concello de Ponteareas organizado polo Club Bádminton Ponteareas en colaboración co Concello, a Deputación de Pontevedra, Deportes Carlos Miguel, Pixeralia, Frutas Santy e Rosquillas Ancla.

O Club Bádminton Ponteareas, apoia o deporte solidario e non competitivo.

Cerca de 100 deportistas representando a diferentes entidades do Condado Paradanta e Baixo Miño disputaran o Torneo Solidario na modalidade de individual e nas categorías de sub-11, sub-13,



sub-17 e absoluta.

As inscricións son gratuitas, so e necesario achegar voluntariamente produtos de comida

non perecedoira a favor do Centro de Reparto de Alimentos, Consellería de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas.

Nas diferentes categorías farase entrega de medallas, ademais de habitualmente para todos e sortearanse re-

galos entre os asistentes.

Inscricións: cbponteareas@yahoo.es ou no teléfono 609 927 471

NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Belén Villar reúne cun grupo de maiores polo abandono do Centro Social

O PP acudiu esta semana á chamada de varios veciños que querían trasladarlle á candidata popular varias queixas en referencia ao centro social municipal situado en centro do pobo.

Villar acudiu á chamada destes veciños co fin de coñecer de primeira man a problemática existente co centro social. "Púidose constatar o gran malestar existente debido a que á reunión acudiron máis de 60 persoas protestando porque se lles privou de facer uso destas instalacións municipais. Quéixanse de que desde hai ano e medio a cafetería está pechada. A sala onde practicaban ioga tampouco a poden utilizar porque foi destinada a outros usos. En relación aos baños comentan que frecuentemente están pechados e que cando están abertos adoitan estar en malas condicións de limpeza" explica Villar.

Por outra banda os veciños



tamén manifestaron que, por falta de espazo, xa non poden reunirse para charlar, para xogar ás cartas e que debería dotarse ao centro de máis cadeiras e percheros para o baile social que se celebra todos os sábados.

Ante as queixas manifestadas, o PP solicitará en pleno que se reverta esta situación xa que é o único local municipal no centro ao que poden acudir estes maiores. "Sempre fixeron uso do mesmo. Solicitáronnos que queren seguir tendo o seu espazo e non que se lles abandone así".

O PP que sempre defendeu

todos os centros culturais, e así durante os últimos anos construíu centros nas parroquias, como Prado, San Mateo, Guillade, entre outras moitas. E para o centro urbano reformouse e ampliou o espazo do centro social cunha cafetería, unha sala de lectura e televisión, espazos que estaban a disposición dos maiores ata agora, porque co goberno actual todo isto cambiou. O PP comprometeuse a seguir apostando por un bo uso destes centros, organizando un horario que permita a todos facer uso deles sen privar a ningún colectivo.

A Plataforma para o Saneamento de Ribadetea presenta case 700 sinaturas a Augas de Galicia

A Plataforma para o Saneamento de Ribadetea, entregou no rexistro do Concello casi 700 sinaturas recollidas entre os veciños da parroquia xunto con un escrito dirixido á Presidenta de Augas de Galicia, pertencente a consellería de infraestructuras e mobilidade da Xunta de Galicia, reclamando a redacción inmediata do proxecto da rede de saneamento de augas residuais de Ribadetea, a planificación da execución das

obras de forma secuencial, ate que na fase final a totalidade dos veciños se poidan enganchar á nova rede de saneamento e a dotación de fondos para que as primeiras obras se poidan acometer no ano 2019.

Para a asociación, ademais do compromiso dos veciños coa demanda, ao asinar casi 700 dos 900 veciños da parroquia, hai que ter en conta que Ribadetea é a maior parroquia de Ponteareas e probablemente a maior concen-

tración de poboación de toda Galicia, que non conta con rede de saneamento. Ocupa 4 kms da marxe dereita do río Tea, inmediatamente anterior ó casco urbano de Ponteareas. A falta de saneamento implica a contaminación das augas subterráneas e dos regatos que verten directamente ó río Tea, que está incluído na Rede Natura 2000, existindo a obrigación da súa protección medioambiental e do saneamento das súas ribeiras.

Sairá a concurso a concesión da cafetería do centro social

A concellería de Servizos Sociais do concello de Ponteareas que dirixe Manolo Troncoso informa que o concello procederá a sacar a concurso a concesión do servizo de cafetería do centro social da rúa Oriente.

Para garantir a transparencia e a igualdade de oportunidades o goberno convocará un concurso para a explotación da cafetería situada no andar baixo do centro social durante un período de cinco anos prorrogable anualmente de ano en

ano por acordo das dúas partes ata un máximo de dous anos

Nos últimos meses, persoal municipal mantén o centro social aberto en horario de mañá e tarde para que as actividades que habitualmente se desenvolven no centro non se viran alteradas.

O concesionario deberá abrir a cafetería todos os días da semana en diferentes horarios e encargarse sempre de abrir e pechar as portas do centro social ás 07:00 horas e ás 22:00 horas.

O PP dí que Represas castiga ao comercio e veciños cancelando por dúas veces o encendido do Nadal

O PP lamenta a nova improvisación do goberno de Represas. "Anunciou primeiramente que o día 1 de decembro acenderíase a iluminación do Nadal, finalmente o concurso quedou deserto e non puido realizarse. Estableceu unha nova data, 8 de decembro, e fixou o encendido para a ponte da Constitución. O día 8 os ponteareanos quedaban sorprendidos e desilusionados ao ver que as rúas seguían igual. Por agora non acendería ata novo aviso do alcalde".

O PP recibiu chamadas de comerciantes dando a voz de alarma. "A xente do comercio chamounos moi enfadada. Están molestos e con toda a razón. Executáronse as obras nas rúas en plena época do Nadal e aínda por encima non se aposta por decorar as zonas para convidar a que a xente consuma."

O PP lamenta que Represas deixe aos ponteareáns neste estado de abandono e denuncian que todo iso é motivado pola falta de interese e impro-



visación coa que goberna este tripartito. Ademais consideran que tentou desviar a atención contratando un circo que estivo esta tarde visitando as rúas.

"Non estamos en entroido, está ben que se fagan actividades pero a exhibición de zancudos e malabaristas de hoxe está claro que é para tapar a cancelación do aceso. BNG, PSOE e ART, tres partidos, e non son sequera capaces de xestionar un concurso para dotar ao noso pobo de iluminación do Nadal. Van ter que chamar aos seus compañeiros en Vigo para que lle presten unas cantas luces, porque mentres a uns sóbralles a este goberno parece ser que lle faltan porque aínda empezaron o mesmo día 8 pola tarde a instalalas, cando na programación do Concello anunciaron que era o aceso".

PONTEAREAS

Represas e Garrote esixen á Xunta de Galicia a mellora inmediata da seguridade viaria na Avenida Castela

Xosé Represas, alcalde de Ponteareas, e Chus Garrote, tenente de alcalde, esixen á Xunta de Galicia e a consellería de Infraestruturas, que dirixe Ethel Vázquez, unha explicación ante a orde de paralizar as obras menores de mellora da seguridade viaria na Avda Castela previstas para realizar esta mesma semana.

Concretamente, o luns debían comezar a cambiar o paso elevado desta rúa á altura do edificio 15 de maio para reubicalo e ademais facelo elevado.

Así mesmo, entre as obras solicitadas polo goberno de

Ponteareas e comprometidas pola Xunta de Galicia estaban a realización de beirarrúas no comezo desta avenida preto do entronque coa N-120 donde non existen e o pintado de todos os pasos de peóns para facelos máis visibles.

Ante esta decisión da Xunta de Galicia sen explicación e sen xustificación de non dar prioridade a unhas obras tan demandadas e tan necesarias para garantir o mínimo da seguridade para os peóns, o goberno local toma a determinación de marcar de xeito provisional sobre a calzada un espazo para o tránsito de peóns no tramo da Avda.

Castela e a rotonda de Mondariz na zona destinada a aparcamentos en liña.

“Nin o goberno de Ponteareas nin a veciñanza van tolerar este tipo de decisións irresponsables da Xunta de Galicia que xogan coa seguridade da cidadanía e gardan no caixón obras tan importantes que son moi asumibles a nivel económico”.

Represas e Garrote consideran urxente garantir o tránsito seguro dos peóns, sobre todo daqueles con mobilidade reducida, xa que dende hai anos agardan unha resposta e actuación da Consellería de Infraestruturas



ao ser unha estrada de competencia da Xunta.

O goberno de Ponteareas insta á Consellería de Infraestruturas a traballar en beneficio da cidadanía que non debe verse afectada por decisións de carácter político. Alcalde e

tenente de alcalde agardan que Ethel Vázquez entenda a urxencia destas obras e ofrecen, unha vez máis, a súa colaboración como concello para que se dea solución ás necesidades máis indispensables da veciñanza.

O concello acomete obras de saneamento na Avenida de Galicia

O goberno de Ponteareas pide a colaboración da veciñanza que nestes días convive coas obras no cruce do Paseo Matutino coa Avenida de Galicia. O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a Concelleira de Urbanismo, Chus Garrote, adiantan que comezaron as obras de saneamento do tramo entre a Avda de Galicia e Rosalía de Castro motivo polo que non se procede á apertura do Paseo Matutino.

“Nestes intres xa se están a executar as obras na Avda de Galicia entre o entronque co Paseo Matutino e Rosalía de Castro. Para garantir o desagüe e a pendente necesaria que precisa a tubaxe comezaránse as obras dende o cruce con Rosalía ata o cruce con Paseo Matutino motivo polo que a pesar de que as obras no Paseo estean rematadas non se proceda a súa apertura. “Primeiro hai que solucionar o problema de saneamento no cruce das dúas rúas, zona que quedará con plataforma única entre Pa-



seo matutino e Rogelio Groba, coordinanse así as actuacións para non ter que romper de novo”, explica Represas.

Facendo que o remate e o comezo destes dous proxectos teñan continuidade no tempo evítase ter que abrir un punto que acaba de ser reformado e así afórranse cartos e molestias continuadas á cidadanía.

Grazas a estas obras soluciónase un grave problema da rede de saneamento en canto á profundidade e tamaño da tubaxe que mesmo provocaba prexuízos aos garaxes da zona.

A apertura da rúa neste tramo tamén permitirá separar as augas pluviais das residuais por conexións mal realizadas no seu día sen rigor nen seguimento por parte dos anteriores gobernos.

O orzamento do proxecto de obra, realizado polo enxeñeiro municipal suma un total de 49.809,77€ .

Tendo en conta as previsións climatolóxicas as obras rematarán antes de nadal, tanto o entronque co Paseo Matutino como o de Avda de Galicia con Rosalía de Castro.

O Concello concede ás traídas veciñais de auga 150.000 euros en axudas



O Concello de Ponteareas concedeu esta semana 150.000 euros en axudas ás traídas veciñais da localidade. Así o anunciou o Alcalde Xosé Represas quen salientou a importancia destes colectivos “que se encargan desinteresadamente de asegurar un servizo básico e de calidade para a poboación”.

O alcalde explicou que “as axudas outórganse cos fondos propios do Concello e son posibles por vez primeira neste ano grazas a que saneamos

economicamente a administración. Por iso van ter continuidade e a comezos do vindeiro ano realizarase unha nova convocatoria de subvencións novamente por importe de 150.000 euros, que se manterá todos os anos coa previsión de incrementar paulatinamente esa contía”.

Un total de 18 comunidades de 14 parroquias son as beneficiarias deste reparto co cal se cubre entre o 50% e o 80% do investimento realizado polas traídas nas súas parroquias.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Represas asina un convenio de 421.291€ coa Deputación para a mellora do entorno da piscina e accesos ao centro de saúde

A Deputación impulsou esta iniciativa que vai permitir remodelar rúas, viarios e espazos públicos a fin de facilitar a comunicación entre espazos de emprego e de uso social, deportivo e sanitario, zonas que soportan unha alta densidade de tráfico tanto peonil como rodado. “De todos os proxectos presentados o noso resultou elixido ao tratarse dunha obra que busca unha mobilidade sostible que dea prioridade á seguranza e á mobilidade peonil”, explica o Alcalde.

O importe total do proxecto é de 526.614,11 euros. O restante, 105,323€, serán finan-

ciados polo concello con cargo do programa europeo “Ponteareas habitat saudable” por ser un proxecto que vai na mesma liña e estratexia que persegue a mellora dos espazos públicos, favorecer modos de accesibilidade non motorizados, a ordenación das circulacións e os usos de estacionamento e aparcamento e potenciar o acceso cara os importantes centros de equipamento do ámbito así como as sendas peonís.

A intervención realizarase sobre 35.000 metros cadrados nos que se optimizará o tránsito rodado tanto a nivel de calzadas como de aparcamentos e nos



que se mellorará os aspectos paisaxísticos e se priorizará os espazos de convivencia. 2.850 m2 de beirarrúas, 1.750 m2 de zonas verdes, 4.800m2 de calzadas e aparcamentos, 27 fa-

rolas, canalizacións, colectores e pavimentación entre outras obras que se realizarán nesta contorna que ofrecerá na súa totalidade 114 prazas para estacionamento.

o proxecto incluírá tamén o derribo dunha construción que con anteriores gobernos foi oficina de turismo e que agora está pechada por ameaza de ruína.

A ACIP presentou o seu candidato á Alcaldía de Ponteareas



Un Centro Artístico Sportivo ategado presentouse o candidato á Alcaldía de Ponteareas, pola Alternativa Independente de Ponteareas, Juan Carlos Carrera.

O candidato defínese como un traballador por convición, político por vocación, aclarando que o seu interés son os veciños. O lema da súa

campaña é: “24 motivos, 24 parroquias”, en alusión ás parroquias que ten o Municipio.

Por imposición non se goberna, dixo, referíndose ao actual goberno tripartito.

Preocúpanlle as parroquias e a sangría de homes e mulleres que abandonan Ponteareas, así como os que falecen e non se repoñen. Ponteareas perdeu nos últimos cinco anos máis

de 1.000 veciños.

Para gobernar só se precisa aplicar o sentidiño, dixo. Que o Plan Xeral sexa para todos e non só para os promotores. Lamentou a dependencia do actual goberno local do alcalde de Vigo Abel Caballero. Por esa razón hai servizos que oss ponteareáns non podes disfrutar, como por exemplo o transporte máis barato.

Club Ciclista Ponteareas sofre danos nos seus vehículos



O club ciclista ponteareas ven de presentar denuncia ante a Garda Civil, polos danos que levan sufrindo nos seus vehículos. Dende marzo deste ano levanlles botado azucre nos depósitos, pinchado rodas e deshinchado en varias ocasións.

Debido a estes feitos en varias ocasións non puideron saír a entrenar cos nenos e nenas do clube, incluso

creando perxudicios económicos a escola de ciclismo de ponteareas.

Os vehículos do clube atopáanse estacionados ao lado da súa sede, nun aparcadoiro público no que calquera persoa pode estacionar o seu vehículo, non entendendo porque alguen pode facer este dano aos nenos do clube, que son os que realmente saen perxudicados destas accións vandálicas.

PONTEAREAS

O PP denuncia o uso de servizos municipais para un acto privado do PSOE

O PP denuncia a utilización de recursos municipais para actos privados do partido socialista en Ponteareas, en concreto do acto celebrado o pasado domingo, 2 de decembro, na presentación da candidata socialista Chus Garrote.

Durante este mandato o PP recibiu diferentes queixas dos colectivos culturais que en máis de unha vez solicitaron tan só poder utilizar a praza maior e pola contra non lles foi permitido. "Varios colectivos solicitaron ese espazo para diferentes actividades pero o Con-



cello non lles permitiu o seu uso. Envíanos a outras prazas menos céntricas do casco urban. Non entendemos porqué colectivos de Ponteareas non poden facer uso de ese espazo. Por outra banda, o PP lémbrale a tenente de alcalde, Chus Garrote, que un partido político

non pode facer uso así dos recursos municipais que son pagados por todos os veciños".

Ante a gravidade dos feitos o PP rexistrará unha pregunta para que Represas e o grupo socialista expliquen porqué a carpa se utilizou para un acto privado do PSOE.

"O que non lle gustou ao PP é a gran afluencia de veciñas e veciños ao noso acto na Praza"

O Partido Socialista considera ridícula a denuncia nos medios de comunicación do Partido Popular por empregar a carpa instalada na Praza Maior para o acto de presentación de Chus Garrote como candidata á alcaldía de Ponteareas.

"Do mesmo xeito que o PP emprega o auditorio municipal ou calquera outro espazo de titularidade do Concello para os seus actos, nós preferimos ir á Praza Maior" explica Vanesa Fernández. Neste senso, os socialistas aclaran que contaron e solicitaron autorización polas vías regulamentarias oficiais.

Ademais, os socialistas recordan que son numerosos os colectivos de Ponteareas que xa usaron e disfrutaron da carpa instalada na Praza Maior e que o seguirán facendo.

Por outra banda, os socialistas denuncian que foi precisamente o Partido Popular de Belén Villar quen empregou o Centro Social para unha reunión política sen autorización nin comunicación, saltándose as normas unha vez máis.

A edil do PSdeG-PSOE de Ponteareas, Vanesa Fernández, considera que o Partido Popular e Belén Villar están nun estado de nerviosismo polo feito de

que un partido político como o PSOE de Ponteareas se reunise con 200 veciños na praza da súa vila para explicarlles o seu proxecto para Ponteareas. "Os socialistas de Ponteareas estamos moi orgullosos de poder reunirnos coas nosas veciñas e veciños, porque somos transparentes e non temos nada que esconder" afirmou.

Así, os socialistas de Ponteareas consideran que a candidata do PP, Belén Villar, está evidenciando unha falta de proxecto político para Ponteareas e está instalada nunha oposición destrutiva que nada beneficia aos ponteareáns.

Ponteareas contará con bacharelato de artes no IES Val do Tea, segundo o PP

A presidenta e candidata popular, Belén Villar, reuniuse coa conselleira de Educación, Carmen Pomar, para coñecer os avances que se deron para poder oferta o bacharelato de artes no próximo curso nun dos institutos de Ponteareas.



"A Consellería de Educación confirmounos que xa existe informe favorable para que no próximo curso se imparta esta modalidade en Ponteareas, en concreto no IES Val do Tea, tal e como solicitaron os directores dos tres institutos de Ponteareas, os membros da comunidade educativa e o Consello Escolar Municipal" informou Belén Villar tras reunirse coa conselleira e o director xeral de Educación.

A presidenta popular, Belén Villar, agradece á Xunta que

tivese en conta esta petición xa que cumpre cunha antiga demanda do alumnado que era necesaria. "Estamos moi agradecidos á consellería por ter en consideración esta solicitude xa que é un bacharelato que ten unha alta demanda no noso municipio. Ata agora os alumnos tiñan que ir a centros de municipios veciños, como Vigo e Mos. Agora con esta modalidade en Ponteareas pódese atender a todo o alumnado da nosa comarca Condado-Paradanta".

na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO

DIARIO GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARICA



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

CONDADO / PARADANTA

ARBO

Reunión informativa en Arbo sobre o programa integrado de emprego "Paradanta Integra"

O Concello de Arbo organizou o pasado venres día 7 a primeira charla informativa acerca do programa integrado de emprego "Paradanta Inserta". Unha reunión, no Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo", á que acudiron máis de 20 persoas e que contou coa presenza do Alcalde de Arbo, Horacio Gil Expósito, da Técnica de emprego municipal de Arbo e o de A Cañiza.

A charla serviu para explicar con detalle o programa e aclarar as dúbidas e inquietudes dos asistentes. O Alcalde de Arbo manifestou na sala que a posta en marcha de programas como este na comarca resulta moi productiva, xa que permitirá inserir no mercado laboral a cidadáns de Arbo como resultado das accións levadas a cabo a través do "A Paradanta Integra". O Alcalde animou a todos e todas para

que se acheguen ao Concello de Arbo, onde a Axente de emprego do Concello informará con detalle sobre este proxecto.

Os concellos de Covelo, Crecente, Arbo e A Cañiza participarán xuntos neste programa de emprego do que se beneficiarán 100 desempregados destes municipios. O programa conta cun orzamento de 250.000 euros e os seus alumnos son seleccionados dos ins-



critos na oficina de emprego da Cañiza. Estes programas integrados de emprego, que teñen un ano de duración, teñen como obxectivo a inserción laboral dos participantes. Segundo afirmaron na reunión, a previsión é que polo menos trinta dos alumnos destes municipios logren un traballo ao concluír o programa.

Dos seus cen alumnos, vinte serán persoas menores de 30 anos con baixa cualificación; quince persoas desempregadas menores de 30 anos cualificadas; quince persoas desempregadas perceptoras de subsidios de desemprego ou RAI; vinte mulleres desempregadas; quince persoas desempregadas de longa duración e quince persoas desempregadas que non estean incluídas en ningún dos grupos anteriores. Os

concellos participantes poñen a disposición do proxecto instalacións, equipamentos e persoal propio cualificado, ademais de incorporar ao proxecto contratación de persoal adecuado como orientadores laborais.

Durante un ano, recibirán sesións de orientación e asesoramento, entre outras actividades de carácter individual e persoal, segundo o seu perfil laboral e profesional. Poderán participar en talleres de coaching e técnicas para a procura de emprego, elaboración de curriculum, talleres de entrevista ou mobilidade xeográfica. Así mesmo, poderán formarse en informática e idiomas e realizar prácticas profesionais non laborais, así como cursos de formación como un curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, entre outros.

Os comerciantes de Arbo repartirán 3.700 € en premios

O Concello de Arbo pon en marcha un ano máis a campaña "Comprar en Arbo ten premio", en colaboración coa asociación de comerciantes do municipio, na que participan máis de oitenta establecementos.

Os negocios repartirán entre os seus clientes rifas polas súas compras. En total imprimíronse preto de

100.000 rifas e 33 delas teñen premio seguro. En total repartiranse ao redor de 3700 euros en premios: un de 350 euros, un de 250, outro de 150 euros e trinta premios de 100 euros. O sorteo efectuarase en xaneiro, repartindo os vales para descontar nos comercios, bares, restaurantes e empresas que participan na Campaña de Nadal.

NADAL CULTURAL
CAMPAÑA CONCELLO DE ARBO
2018-2019

ARBONADAL2019 DOMINGO 9: ás 11:00 na Praza do Concello	FESTIVAL FOLCLÓRICO SÁBADO 29: ás 19:00 no Auditorio
MARCHA SOLIDARIA DOMINGO 16: ás 10:00	FESTIVAL DE NADAL DOMINGO 30: ás 19:00 no Auditorio. Grupo Megadance
TEATRO DOMINGO 16: ás 18:00 no Auditorio	DIVER AVENTURA MARTES 1: ás 17:00 no Pavillón
CONCERTO DE NADAL SÁBADO 22: ás 19:00 no Auditorio	GRAN CABALGATA DE REIS Sábado 5: ás 17:00
COMEDIA MUSICAL DOMINGO 23: ás 19:00 no Auditorio	CAMPAMENTO DE NADAL DO 24 DECEMBRO Ó 7 XANEIRO DE 8:30 A 14:00H no colexio
PIRÁMIDE DE ALIMENTOS E CONSUMO NA REDE VENRES 28: de 11:45 a 12:45 e de 17:00 a 18:00 no Auditorio	SORTEO CAMPAÑA DE NADAL DOMINGO 13: de 17:00 a 18:00 no Salón de Plenos do Concello

Autarquia intercede para manter aberto Gabinete de Inserção

A Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira está a encetar negociações com o IEFP/Centro de Emprego do Alto Minho – Serviço de Emprego de Valença, com o intuito de evitar que o Gabinete de Inserção Profissional (GIP) em funcionamento no concelho feche portas até ao final do ano. Intenção foi anunciada recentemente pelo Governo que, fruto da reformulação da distribuição nacional destes gabinetes, tem arquivado as candidaturas de municípios pelo número de desempregados registados.

A candidatura apresentada pela autarquia cerveirense ao IEFP para dar continuidade ao Gabinete de Inserção Profissional não foi aprovada, decisão justificada pela reduzida taxa de desemprego registada no concelho e pelo facto de ter deixado de ser obrigatória a apresentação semanal periódica do desempregado no GIP.

Segundo o edil cerveirense, Fernando Nogueira, “apesar de ser uma boa notícia o facto de o concelho apresentar uma taxa de desemprego abaixo da média nacional e distrital e de ter uma significativa oferta de trabalho, está-se a falar de um serviço de proximidade muito importante”. Neste sentido, a Câmara Municipal está a diligenciar junto

do IEFP para, mediante a celebração de um protocolo, manter este serviço de portas abertas, com a autarquia a assumir os custos de manutenção do GIP.

De acordo com os dados registados até novembro passado, o GIP de Vila Nova de Cerveira contabilizou cerca de 1579 utentes que recorreram aquele serviço para abordar diferentes assuntos relacionados com o emprego, formação, ação social e empreendedorismo. A procura de diversas entidades para obter informações sobre as novas medidas/programas do IEFP também foi significativa, tendo sido apoiadas 60 candidaturas.

O Município de Vila Nova de Cerveira possui uma vasta experiência na dinamização do emprego/formação, iniciada em 1999 com o Espaço UNIVA e, posteriormente, em 2009 com o GIP. Este serviço tem desempenhado um papel muito importante no concelho, ao contemplar atividades na área do emprego/formação numa lógica de proximidade e, simultaneamente, reforça o apoio aos desempregados, principalmente aqueles que se encontram numa situação de desfavorecimento socioeconómico; para além, dos contactos com as empresas, o comércio local e as entidades sem fins lucrativos.

Cerveira integra projeto “Pop-Up Europe”

Vila Nova de Cerveira tem afirmado a sua posição no âmbito de projetos internacionais, através de um conjunto de parcerias que resultam na troca de experiências e na partilha de boas práticas. O mais recente exemplo é a adesão ao “Pop-Up Europe - Delivering Europe to its Citizens” que aborda as temáticas da cidadania europeia e das políticas comunitárias. A assinatura oficial do acordo decorreu, esta manhã, em Roma, com a presença do Presidente da Câmara Municipal, Fernando Nogueira.

Os parceiros do projeto - o Município de Silvi (Itália), a Província de Antuérpia (Bélgica), o Município de Gulbene (Letónia) e o Município de Vila Nova de Cerveira (Portugal) vão trabalhar em conjunto, durante dois anos, na promoção e intercâmbio de boas práticas, bem como na formação de colaboradores dos municípios capacitando-os de forma a implementarem novas oportuni-

dades europeias a nível local.

Um dos destaques desta nova parceria é a análise da “Pop-Up Europe” da Província de Antuérpia galardoadada, em 2017, pelo Parlamento Europeu com o Europcom - Prémio Europeu de Comunicação Pública - e cuja implementação revelou-se um sucesso nos Municípios da Província.

O Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira participou, esta sexta-feira, no ato formal de assinatura de criação desta rede de parceria, realizado na Associação Nacional de Municípios Italianos em Roma.

O projeto “Pop-up Europe” enquadrado na Ação-Chave 2 - Educação de Adultos - Parcerias Estratégicas - KA204 é diretamente financiado pela Agência Erasmus+ Italiana.



Município de Cerveira distinguido pela Excelência Energético-Ambiental no Alto Minho



O Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, recebeu, esta manhã, em Ponte de Lima, o galardão do 1º lugar na categoria ‘Eficiência Energética e Renováveis no setor público’, ex-aequo com o Município de Ponte da Barca, no âmbito da edição 2016 do Prémio “Excelência Energético-Ambiental no Alto Minho”.

“Coisas que me apetece dizer” apresentado na Câmara Municipal de Terras de Bouro

Muitos foram os que se deslocaram no passado dia 15 ao Salão Nobre da Câmara Municipal de Terras de Bouro para assistir a apresentação de mais um livro intitulado “coisas que me apetece dizer” do poeta terrabourense, João Luís Dias.

O momento contou com a presença do Presidente da Câmara Municipal, Manuel Tibo, do Prof. Henrique Barroso da Universidade do Minho e do administrador da empresa Sociocorreia, Custódio Correia, patrocinador principal da obra apresentada, que aproveitaram



para felicitar João Luís Dias pela edição de mais um livro.

A sessão contou com a homenagem a ilustres nomes da sociedade terrabourense que, pelo seu percurso em termos sociais e profissionais,

mereceram ser mais uma vez recordados. Os presentes assistiram a um momento musical e, no final da entrega dos livros e das dedicatórias, foram brindados com um porto de honra.

MISCELANEA

Máis de 200 persoas participaron en tres novas excursións do programa “En ruta coa Depo”

O programa “En Ruta coa Depo” organizou entre o sábado 15 de decembro e o martes 18 en 3 novas excursións nas que participaron 216 persoas de Vigo. Estas excursións permitiron ás persoas participantes coñecer novos lugares da provincia de Pontevedra.

Máis polo miúdo, o sábado, 108 persoas do Centro Sociocomunitario de Vigo percorreron o Castro de Santa Trega, na Guarda, o Espacio Fortaleza, en Goián (Tomiño), e o conxunto histórico de Tui xunto ao Monte Aloia e o Alto dos Cubos. Pola súa banda, 54 persoas da Asociación de Veciños Nosa Terra de Alcarbe visitaron o Monte do Facho e Cabo Home.

Para rematar, o martes 18 de decembro 54 persoas da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Vigo visitaron Silleda podendo coñecer o castro de Toiriz, o mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, a cascada do río Toxa e escenarios da serie “El final del Camino”.

“En Ruta coa Depo” ten por obxectivo

mellorar a participación, a convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia, promovendo a igualdade de oportunidades para os colectivos con diversidade funcional, que antes non podían participar, así como ofrecer alternativas de ocio e tempo de lecer á poboación xuvenil da nosa provincia e promover rutas destinadas ás entidades de nais e pais que fomenten a convivencia e o intercambio de experiencias nas que participen activamente os nenos e nenas. O contido do programa consiste en pasar un día de convivencia pola provincia, mediante acompañamento dun guía que conte coa habilitación de guía de turismo especializado de Galicia e inclúe xantar e transporte.

No 2017 participaron na iniciativa “En Ruta coa Depo” 17.501 persoas pertencentes a 410 entidades da provincia. Para este 2018 xa foron adxudicadas en total 23.000 prazas, 5.499 máis que o ano anterior.

Xosé Antón Rodríguez “Xuster” candidato a Alcaldía de Oia polo BNG

A assemblea local do BNG de Oia elixiu a Xosé Antón Rodríguez “Xuster” como candidato a alcaldía pola formación nacionalista para as próximas eleccións municipais.

Xosé Antón Rodríguez que na actualidade é o presidente da Comunidade de Montes de Santa María de Oia afirmou diante da asemblea “dou o paso a encabezar a candidatura do BNG, porque coma outros moitos veciños e veciñas, son conscente de que o noso concello está instalado nunha parálise crónica que repercute na calidade de vida da veciñanza e compredarlle a volta”.

Noutro momento da súa intervención dixo “Oia é un Concello con grandes posibilidades con unha costa privilexiada, un interior nas parroquias de Burgueira e Loureza coa riqueza paisaxística, gandeira, agrícola e gastronómica. Todo isto ten que ser conxugado creando un único ente



que vertebre as parroquias do interior e costa”.

Despois de referirse as carencias en infraestruturas como o saneamento, o abandono do riquísimo patrimonio que atesoura o Concello, a desestructuración social, económica e territorial do que responsabilizou ao PP, concluiu “Oia necesita un xiro e rexeneración da institución municipal, un xeito novo de facer as cousas, un goberno que traballe”.

31 entidades reciben axudas da Deputación para actividades turísticas



Un total de 31 entidades da provincia beneficianse este ano das axudas da Deputación de Pontevedra para actuacións e actividades de carácter turístico por un importe total de 130.000 euros. A Xunta de Goberno provincial vén de aprobar a concesión destas achegas, que se conceden en réxime de concorrencia competitiva.

A presidenta da Deputación resaltou que estas axudas contribúen a “impulsar o fomento do turismo e á profesionalización do sector turístico na provincia de Pontevedra, facendo do destino Rías Baixas unha referencia a nivel global”. Foron obxecto de axuda as actividades de fomento do turismo que teñan como fin algúns dos seguintes: ben, a promoción e o estímulo dun sector turístico competitivo, de calidade, accesible e sustentable; ou ben, a promoción dos distintos recursos turísticos da provincia, entre os que están a natureza, as festas e tradicións populares, a gastronomía, o termalismo ou o patrimonio cultural.

Na comarca do Salnés beneficianse un total de 7 entidades. De Cambados trátase da Asociación Cambados Zona Centro e a Asociación Ruta do Viño Rías Baixas; do Grove, a Asociación de Empresarios Groveses de Bens e Servizos; de Sanxenxo, o Círculo Cultural Deportivo Sanxenxo, o Club Náutico de Sanxenxo e o Motoclub Amigos da Moto Sanxenxo; e de Vilagarcía de Arousa, a Asociación de Profesionais do Turismo de Galicia Proturga.

Na comarca de Vigo, un total

de 14 entidades perciben estas axudas. No Porriño trátase do Clúster do Granito, e en Vigo, obtiveron partidas a Asociación Sociocultural e Deportiva Sinergias 360, a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia, a Asociación de Comerciantes da Rúa do Príncipe, a Asociación Veciñal de Beade, a Asociación de Comerciantes do PAU de Navia, a Asociación Galega de Sumilleres, a Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, o Centro Veciñal e Cultural Valladares, o Club Montañeiros e Montañeiras Celta, a Federación de Empresarios e Empresarias de Hostalaría, a Federación Galega de Surf, a Fundación Ceo de Ciencia e Cultura e Fundamar-Fundación para a pesca e o marisqueo.

No Morrazo, a Asociación Cultural Alfombras de Bueu percibe tamén unha axuda para actividades turísticas en 2018. Na comarca do Val Miñor trátase do Monte Real Club Internacional de Iates Baiona. Na comarca do Deza, hai dúas entidades de Lalín beneficiarias: a Asociación Amigos e Amigas do Museo Casa do Patrón e a Asociación Veciñal de Vilatuxe.

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes hai 3 entidades: na Estrada son a Asociación Veciñal de Sabucedo e a Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo, e en Forcarei, a Asociación O Can de San Roque. Finalmente, na comarca de Pontevedra contabilízanse 2 entidades: en Poio a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, e en Pontevedra, a Fundación Camiño de Santiago.

David Regades: “O único culpable do problema dos PAC é Feijóo”

David Regades, secretario xeral provincial do PSdeG-PSOE, reuniuse con Elisa Ausin, Carlos Gabián e Pilar Rodríguez, representantes da plataforma “PACs en Pé de Guerra” da provincia. “O único culpable do problema dos PAC é Feijóo”, asegurou Regades na rolda de prensa posterior ao encontro.

O secretario xeral coñeceu de primeira man a problemática deste traballadores sanitarios, que levan en folga desde o pasado mes de outubro sen atopar resposta ningunha por parte da Xunta de Galicia, que se nega incluso a recibir ao comité de folga. “O non diálogo por parte de Feijóo e Almuiña é a falta de respecto total aos profesionais sanitarios”, denunciou Regades na rolda de prensa posterior ao encontro, e pediulle ao conselleiro de Sanidade que deixase “de facer oposición nos concellos onde o PP non goberna” para centrarse en solucionar este conflito.

Desde a plataforma puxeron sobre a mesa a situación insostible que atravesan desde fai anos, e que os levou a convocar unha folga desde o pasado mes de outubro ata o domingo



17 de decembro. “As e os socialistas queremos mostrar todo o noso apoio á loita que mantén este colectivo”, ao que cualificou de “esencial” para unha “correcta atención sanitaria”.

“Estou orgulloso do sistema sanitario público que temos, pero haino que apoiar con recursos e persoal”, unha situación que non se está dando, pois a política do Goberno de Feijóo en materia sanitaria é a da “privatización”.

Unha das principais reivindicacións que fan os profesionais sanitarios é a sobrecarga de traballo, unha situación derivada da falta de persoal. “Feijóo non pode mirar para outro lado”, defendeu o secretario xeral socialista, para quen Feijóo “en primeira persoa ten que tomar cartas neste asunto”.

Regades acusou a Feijóo “de estar falseando os datos”. “Os profesionais existen, pero marchan porque os contratos son precarios. Non pode ser que se fagan contratos por hora”.

Elisa Ausin, que actuou como portavoz do colectivo, agradeceu ao PSdeG a predisposición a reunirse e escoitar as súas reivindicacións. Ausin, médico nun punto de atención continuada de Vigo, pediulle ao Goberno de Feijóo que “por unha vez se tomen en serio a atención primaria e a atención nos PAC”. “A impresión é que aos nosos xefes políticos pouco lles importa a nosa situación”.

“A atención sanitaria non é a porta do sistema, é o sistema. O 80% dos problemas que sanitarios pódense resolver cunha atención sanitaria forte”, defendeu a portavoz da plataforma.

A ampliación da ponte da vía en Saxamonde, acumula seis meses de retrasos



O voceiro do BNG, Xoán Carlos González, considera vergoñenta a actitude do goberno de Javier Bas cos veciños e veciñas da zoa. “Dispoñen do financiamento e do Proxecto dende hai un ano. Anunciaron en xuño o inicio inminente das obras, agora volven adxudicarllo a unha nova empresa”. A actuación afecta á ponte sobre a vía férrea no barrio de Casal do Monte, en Saxamonde.

O concello de Redondela vai realizar a obra vía Plan Concellos da Deputación, cunha inversión de 173.000, reservados dende o ano 2017. A obra suporá a ampliación ata os 8'30 metros de ancho da ponte, ademais dunha

beirarrúa, xunto á contención de terras na parte norte..

“Malia contar con todo o necesario para iniciar as obras, dende o goberno municipal déronse largas. Os prazos fóronse dilatando, pola complexidade da obra”, apunta o edil do BNG. “Cando o Proxecto estaba rematado, argumentouse que habería unha segunda fase para a renovación do vial en ambos os extremos da ponte, o que levaría a unha negociación cos propietarios dos terreos. Esta intervención realizaríase con remanente do Concello. A nosa sorpresa cando despois da negociación do goberno de Javier Bas con AER, esta partida desapareceu, desviándose a outras actuacións”, destaca.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

BAIXO MIÑO

Concluíron as obras de rehabilitación do Palco da Música do Paseo da Corredoira

Tras tres meses de traballo concluíron as obras de rehabilitación do Palco da Música que supuxeron unha actuación integral en todos os elementos, e que devolveu a este elemento patrimonial a súa cor branca orixinal do século XIX.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, salientou que o Palco da Música recuperará a súa función inicial acollendo eventos culturais. Precisou que nos baixos se gardarán as cadeiras que se poderán empregar nestes actos. Tamén fixo un chamamento á poboación para colaborar no mantemento e conservación deste espazo. Amais dende o Concello se adoptarán unha serie de medidas coma establecer un perímetro de seguridade arredor do palco para o paso peonil, evitar danos sobre este ben patrimonial co paso dos anos. Unha distancia que deberán respectar as terrazas que se colocan na súa contorna. Do mesmo xeito non se permitirá a colocación de ningún cableado, elemento ou iluminación sobre a estrutura.

Conclúen así as obras de conservación e rehabilitación desta obra arquitectónica construída en 1897. O proceso comezara meses antes coas probas de caracterización e



análise de materiais para determinar os procesos de alteración e así establecer unha diagnose para levar a cabo o tratamento

Finalmente, nos últimos 15 días procedeuse á colocación dunha nova estrutura metálica que soportase a tarima de madeira que foi totalmente substituída e colocada sobre outra non vista e rastreis. Do mesmo xeito, tamén foi substituída a carpintería da cuberta e varandas, o sistema eléctrico e iluminación vella por leds. Foi colocada unha canle perimetral que recolla as augas pluviais na tarima e solado de formigón no chando interior.

Para levar a cabo esta obra, financiada a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, foi preciso a redacción de dous proxectos.

Un inicial centrado na fábrica de cantería e carpintería redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez. E con posterioridade, a DXPCG, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, requiriu un segundo proxecto redactado por un técnico especialista para definir o estado de conservación dos elementos de fundición e forxa artística, análises e que establecese os procesos de actuación, redactado polo conservador-restaurador Gonzalo Buceta Bruneti. A empresa adxudicataria que levou a cabo a obra foi Construcciones Mascareñas e Hijos S.A.

Unha vez concluídas as obras de conservación e rehabilitación, o palco novamente acollerá a súa actividade como escenario para a interpretación musical.

O BNG congratúlase da rehabilitación do palco da música

OBNG quiere felicitar a execución das obras de restauración do palco da música do Cantón de Diómedes. Trátase dunha recuperación necesaria, despois do estado de abandono e desidia no que se atopaba, por parte dos govenos do PP, durante décadas. Por ese motivo o anterior equipo de goberno municipal, na persoa concelleira do BNG, Carme Núñez decidiu iniciar este proxecto a través da liña de axudas "Plan concellos" da Deputación de Pontevedra. A execución por parte das empresas adxudicatarias e dos e das técnicas foi impecábel. "O resultado é o previsto, unha xoia do patrimonio para o disfrute das nosas veciñas e veciños", sinalou Carme Núñez.

Actuacións deste tipo a favor do patrimonio tudense foi ao que se comprometera o BNG desde a concellaría de patrimonio. Lamentamos que o actual equipo de goberno perdesa as subvencións que se conseguiran para outros



Carme Núñez, portavoz municipal do BNG en Tui

proxectos iniciados e deseñados durante o anterior goberno coma a rehabilitación da ponte medieval de Pexegueiro e o lavatorio e fonte de Rodas (Guillarei). Isto é consecuencia da inactividade do goberno municipal, cando a rehabilitación do palco da música é un claro exemplo de que as cousas non so se poden facer doutro xeito, senón que son necesarias e precisas para coidar o noso patrimonio, e, por expansión todo o que ten que ver co futuro de Tui.

Curso de Deshabitución Tabáquica en Tui

O Departamento de Prevención de Drogodependencias do Concello de Tui en colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro, levará a cabo un ano máis un curso de Deshabitución Tabáquica.

Trátase dun programa de axuda específica e personalizada para facer fronte ao complexo proceso de abandono, que brinda apoio técnico, consellos, compañía e recompensas. Vense celebrando en Tui dende 2010.

O curso consta de 7 sesións cunha duración de hora en media cada unha, impartidas en horario de tarde. Durante

o mes de xaneiro farase unha primeira entrevista coa terapeuta, e xa o curso propiamente dito dará comezo o día 24 de xaneiro na Área Panorámica.

Para impartir o curso é preciso contar cun número mínimo de 12 persoas, e coma máximo con 16. En anos anteriores téñense cuberto todas as prazas, e o 70% dos participantes deixaron de fumar. As persoas interesadas, que deben ser maiores de 18 anos, pódense inscribir ata o 21 deste mes nas dependencias de Servizos Sociais, no correo paula.ssoais@concellotui.org ou no teléfono 986 60 36 25.

Concerto de Nadal no Teatro Municipal

A Orquestra Sinfónica de Tui, e o Coro Mistura Vocal ofrecerán o venres, 21 de decembro, ás 21h no Teatro Municipal de Tui o "Concerto de Nadal".

Obras clásicas, bandas sonoras e composicións do Nadal serán as que interprete a Orquestra Sinfónica de Tui, integrada por alumnos, exalumnos e profesores do Conservatorio Profesional de Música de Tui, e

dirixida por Luís Caballero Varona, no Concerto de Nadal. Participará tamén o coro Mistura Vocal dirixido por Aloia Martínez. Non faltarán as sorpresas.

As entradas, a 5 e 6 euros, están á venda en www.culturatui.info ata o venres, 21 de decembro, ás 12h, ou o mesmo venres dende ás 19.30h no despacho de billetes.

Tui acometerá o desentullo da zona cero de Paramos se o aproba o pleno

O pleno da corporación municipal pronunciárase o 27 deste mes sobre a adxudicación por vía de emerxencia do desentullo da zona cero de Paramos, logo de que un informe do arquitecto municipal encargado da catástrofe considere que si cabe esta vía.



En concreto o arquitecto indica no seu informe que o desentullo total da zona cero, o derrubo de tres segundas plantas de tres edificacións e a consolidación dos muros que dan a viarios públicos se poden acometer por vía de emerxencia por considerar que a situación na que se atopan supoñen un “grave perigo inminente”.

Logo deste informe a semana que vén o Concello recibirá o proxecto coas modificacións necesarias para que teña cabida a vía de emerxencia. Tras isto serán solicitados 3 ou 4 orzamentos dos traballos a realizar.

Con esta documentación no pleno ordinario, do 27 deste mes, o alcalde, Carlos Vázquez Padín, avanza que se proporá a declaración de emerxencia para adxudicar directamente as obras,

habilitar o crédito preciso para realizar os traballos, e adxudicar as obras á unha das empresas que presenten orzamento. Tamén se proporá adoptar un acordo unánime da corporación solicitando ao goberno central o compromiso formal para financiar estes traballos. O alcalde considera que é preciso este compromiso xa que aínda que o Concello de Tui será quen adiante os cartos precisos para realizar estes traballos, ter que asumir esa contía, sen ter a seguridade de recuperar o investido, suporía hipotecar a realización doutros proxectos na cidade.

Coa aprobación estes acordos plenarios, o 27 deste mes, os labores de desentullo na zona cero de Paramos poderán comezar no mes de xaneiro.

Comezaron os traballos de demolición da pirotecnia de Baldráns

O día 12 de decembro comezaron os traballos de demolición das instalacións da Pirotecnia La Gallega en Baldráns, dando así cumprimento a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

O inicio dos traballos de demolición tiveron que agardar ata o remate do desaloxo do material explosivo, 2.800 quilos, que aínda había no interior das instalacións e que concluíu na fin de semana por parte dos TEDAX e de Intervención de Armas da Garda Civil.

O concello mentres tanto contaba xa tanto cos informes favorables do

ISSGA para a retirada do amianto, que se realizou no día de hoxe, como coa empresa que se encarga da demolición. En concreto se trata de 25 casetas as que teñen que ser demolidas.

O alcalde agarda que estes traballos poidan estar rematados antes de que finalice o ano, aínda que nun novo auto o xuíz amplía ata o 15 de xaneiro o prazo para executar a sentenza.

Por outra parte o rexedor quere agradecer o auto do xuíz que atribuíu aos TEDAX e a Garda Civil a responsabilidade de realizar o desaloxo das instalacións, así coma a estes corpos polo traballo realizado.

O Concello de Tomiño invita á cidadanía a poñerlle nome á avenida que rodeará o Seixo



Por votación popular das ideas propostas pola propia cidadanía. Así se lle porá nome á nova avenida de Tomiño, unha vía que rodeará o núcleo do Seixo e que permitirá eliminar o tráfico de paso polo centro urbano da vila. O Concello vén de poñer en marcha a campaña ‘Ponlle nome!’, un proceso participativo a través do que se invita a toda a cidadanía tomiñesa a colaborar no bautismo desta nova estrada.

A fase de recepción de propostas arranca este 7 de decembro coa instalación de dúas caixas -no mercado municipal de Tomiño e na Casa Consistorial- nos que todas as persoas interesadas poderán facer chegar as súas ideas de forma presencial. Por outro lado, na web do concello habilitárase un espazo para poder enviar estas propostas de forma online. A cidadanía terá ata o vindeiro 15 de xaneiro de 2019 para enviar todas as suxestións para o nomeamento da rúa.

O vindeiro 21 de xaneiro de 2019 abrírase o prazo de votación popular para que a cidadanía complete o proceso de elección non soamente facendo propostas, senón tamén escollendo a súa favorita entre todas as ideas presentadas, ata o 28 de febreiro.

Con ‘Ponlle nome!’, o Concello de Tomiño quere darlle voz e voto á cidadanía nunha das obras máis importantes do municipio, xa que materializan un proxecto reclamado historicamente polo Goberno municipal e levan consigo a transformación do centro da vila cara un espazo público

pensado para as persoas, no que a mobilidade peonil e sustentable sexa unha prioridade, con accesibilidade universal e xerando unha maior calidade de vida urbana.

Esta nova avenida rodeará o núcleo do Seixo e permitirá eliminar o tráfico de paso do centro urbano. Cunha lonxitude de 1.400 metros, enlazará a estrada provincial EP-3102 polo Sur e a PO-344 (rúa Gondomar) polo Norte, dando unha saída natural á avenida da República Arxentina e rúa da Pedra cara o Leste do núcleo, e enlazando o municipio coa futura Vía de Alta Capacidade (VAC) Tui-A Guarda. Esta variante enlazará os equipamentos situados na estrada provincial, como o CEP Pedro Caselles, a área deportiva de Mosteiro e a igrexa románica de Tomiño con novos equipamentos como o centro de saúde, o centro de día e mesmo o IES Antón Alonso Ríos, desviando do núcleo urbano uns 10.000 vehículos.

A vía terá unha sección de 18 metros, dos que seis estarán destinados a unha senda peonil e ciclista con arborado, mentres que a calzada terá dous carrís para o tránsito rodado coas súas correspondentes beiravías. Con cinco rotondas e unha vintena de pasos de peóns sobreelevados para distribuír e calmar a circulación e garantir a seguranza viaria, a nova avenida estará delimitada a unha velocidade máxima de 30 km/h.

Cun investimento de 3,5 millóns de euros, a construción da nova avenida de Tomiño é un proxecto levado a cabo grazas ao convenio de colaboración

LOURINHA

Victoria Alonso presenta o seu proxecto “para acabar coas políticas clientelares do PP” en Mos

O multiusos de Pozas encheuse para a presentación oficial da candidatura de Victoria Alonso para converterse na alcaldesa que Mos se merece, contribuíndo así á vitoria socialista no partido xudicial de Vigo e na provincia de Pontevedra, tal e como asegurou o secretario xeral provincial, David Regades, un dos dirixentes do partido que arroupou á candidata na súa presentación. Xunto a Regades, Victoria Alonso estivo acompañada polo secretario xeral do PSdeG-PSOE, Gonzalo Caballero, a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva e o ex secretario xeral das Xuventudes Socialistas de Galicia, Aitor Bouza.

Victoria Alonso presentou o seu proxecto socialista para Mos baseado na igualdade e na empatía, traballando de verdade para a veciñanza. Un proxecto de feitos cumpridos, e non de promesas, que garanta o acceso aos servizos en igualdade para todos os veciños. “Acabouse o clientelismo e non ser atendido por ser doutra cor política. A partir de maio imos sacar ao Partido Popular de Mos”, asegurou. “Saimos a gañar e a devolver ao Concello a dignidade que lle foi arrebatada”, asegurou a candidata socialista, que destacou que o importante do seu proxecto é a veciñanza.

Neste sentido asegurou que traballaría para conseguir as infraestruturas que o concello precisa, devolvéndolle ás axudas ás ANPAS ou o acceso a axudas para todas as asociacións por igual, rematando coas políticas populares que deixaron as arcas municipais coa débeda actual. “Apostaremos pola defensa do monte e pola creación de postos de traballo de calidade”, asegurou.

O secretario xeral provincial,



David Regades amosouse convencido da vitoria vermella no partido xudicial de Vigo, “onde imos conseguir novas alcaldías, sumando ás que xa temos, a de Baiona ou Redondela, converténdonos na forza máis votada na provincia”. “Mos non pode estar permanentemente enfrontada a Vigo, hai que facer unha aposta por un urbanismo para as persoas e neste sentido contarás co apoio da Zona Franca, para darlle un pulo ao tecido industrial no Concello”, asegurou Regades, que destacou que con Victoria Alonso poderase establecer políticas de cooperación co resto das administracións públicas.

Tanto Regades como a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, destacaron que Nidia Arévalo non é a alcaldesa que Mos precisa, porque non ten un proxecto para este concello. “Só a vexo falar de negocios a costa de Mos, non traballar para os veciños de Mos”, asegurou Carmela Silva, quen afeou a Arévalo que non dixera nada sobre a situación da sanidade no concello e na provincia. “O silencio de Nidia Arévalo sobre a sanidade pública faina cómplice desta situación crítica”, afirmou Silva, quen destacou o esforzo de investimento realizado en Mos pola Deputación.

Caballero, pola súa banda, afirmou que as políticas socialistas son sinónimo das mellores

políticas municipais e destacou na súa intervención a necesidade de darlle un cambio a Mos, onde o PP é igual a políticas antigas e fracasadas, demostrando a súa incapacidade na xestión municipal en situacións tan graves como a da sanidade pública.

Finalmente, Aitor Bouza tamén lle deu o seu respaldo á candidata, da que destacou o seu traballo e implicación, igual que fixo sobre a agrupación das Xuventudes Socialistas de Mos, dos que asegurou que son “un exemplo a seguir, facédesme sentir orgulloso de pertencer a este partido”.

Estudan a radicación de novas empresas e a apertura dunha gardería no polígono da Granxa



Analizar as posibilidades que se abren no concello do Porriño para localizar novo chan industrial para a radicación de empresas, foi o centro da xuntanza mantida nas oficinas de Zona Franca, entre o delegado do Consorcio, David Regades, e a alcaldesa, Eva García de la Torre.

Dada a relevancia do tema, sumáronse á reunión a directora de Promoción Económica do Consorcio, Rosa Eguizábal, o presidente da entidade urbanística do Polígono da Granxa, Indalecio Cuevas, e o xerente desta entidade, David Sobral.

Todos estiveron dacordo en que no Porriño pódense atropar espazos acaídos para

urbanizar e acoller sectores que proporcionen servizos a toda a comarca viguesa, o cal farase realidade en moi pouco tempo.

Como sinala a alcaldesa, na mesma xuntanza “estudamos a posibilidade de habilitar un espazo no inmoble do Centro de Iniciativa Empresarial (CIE) de A Granxa, propiedade de Zona Franca, para abrir no mesmo a gardería, tan demandada polos traballadores e empresas radicadas no polígono”.

Eva García de la Torre subliña que o delegado de Zona Franca amosou o “seu interese e sensibilidade” para que esta proposta poida ser unha realidade no menor tempo posible.

Pedro Pereira candidato do BNG “para devolver a dignidade e a eficacia ao goberno do Porriño”

O Consello Nacional do Bloque Nacionalista Galego aprobou a candidatura de Pedro Pereira á alcaldía do Porriño nas eleccións municipais do vindeiro 26 de maio.

De ampla e contrastada experiencia na política municipal, Pedro Pereira é o actual voceiro do grupo nacionalista no concello do Porriño. Concelleiro dende o ano 1997, tivo distintas responsabilidades de goberno durante os mandatos 2003-2007, e 2007-2010, en que o BNG trans-



formou por completo o xeito de facer política no Porriño. Pereira foi o artífice, entre outros logros, da peonalización do centro urbano e da

extensión ás parroquias da rede de saneamento. Accións de goberno que melloraron de xeito notable a vida dos porriñeses.

Agora, despois de dúas lexislaturas (unha con maioría absoluta do PP e a actual cunha coalición de PSOE e UDDL) en que os episodios xudiciais e a clamorosa falla de xestión hipotecaron a acción de goberno, o BNG quere devolverlle a dignidade e a eficacia a unha institución vital para o benestar das porriñesas e dos porriñeses.

SALCEDA DE CASELAS

O concello de Salceda ficha a Laura Seara para elaborar o seu II Plan de Igualdade



O Concello de Salceda de Caselas ven de iniciar a elaboración do II Plan Municipal para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes 2018-2021. A redacción do Plan correrá a cargo de Laura Seara, quen foi directora do Instituto da Muller e Secretaria de Estado de Igualdade, ademais de deputada do Parlamento Galego durante os anos de 2001 a 2009, polo que se parte con un amplo coñecemento sobre a materia que sen dúbida é garante dos mellores resultados.

O Goberno é consciente dos avances experimentados nas últimas décadas ao mesmo tempo que percibe inmensos obstáculos que aínda hoxe persisten e que impiden a participación e o acceso das mulleres á vida económica, social, laboral, cultural, educativa e política.

Co pulo a este II Plan Municipal de Igualdade o Equipo de Goberno de Salceda fai público o seu compromiso político para erradicar todas as formas de discriminación e violencia co fin de acadar unha sociedade igualitaria, na que mulleres e homes disfruten das mesmas oportunidades para de-

senvolver as súas vidas.

Así, durante a súa elaboración non só se proporán as mellores accións senón que previamente, se contará cunha diagnose certa sobre a situación das mulleres do Concello que permitirá, a través de diversas ferramentas participativas, acertar con ditas propostas de actuación. Para elo constituíuse un equipo promotor con presenza de persoal técnico e político do Concello, así como un equipo de traballo no que se conta coa presenza de representantes do tecido asociativo e educativo do Concello, así como das diferentes forzas políticas con representación no Concello. Os representantes sindicais do Concello, pola súa banda, rexeitaron participar na elaboración do Plan, algo incomprendible se temos en conta que un Plan de Igualdade pode supoñer importantes melloras para os empregados e empregadas públicas, melloras que por lóxica deberían estar coordinadas cos representantes sindicais, e que tras esta negativa serán acordadas no grupo de traballo por tódalas entidades alí representadas.

Melloras para as instalacións de Penedo Redondo



O Concello de Salceda ven de solicitar a primeira fase do proxecto de mellora das instalacións deportivas municipais de Penedo Redondo, ubicadas na parroquia de Parderrubias. Nesta primeira fase contéplase a construción dunha sala de usos múltiples á que se accederá dende a fachada sur do edificio actual, na que se contará con un vestiario.

Ademais crearase unha cantina con acceso dende o lateral do propio campo, xerando así percorridos diferenciados para espectadores/as e xogadores/as. Esta cantina contará ademais cun almacén e dous aseos accesibles. Por último, prevese a construción dunha pérgola metálica con cobertura de brezo para crear unha zona de sombra.

O proxecto, cun orzamento de 87.688,13 €, executarase con cargo ao Plan Concellos 2018/2019 unha vez que a Deputación Provincial emita a súa aprobación.

O campo de fútbol do Penedo Redondo, construído no ano 2010 nos terreos da comunidade de montes de Parderrubias con un acordo de cesión de dereito de superficie ao Concello de Salceda conta na actualidade con máis de 250 usuarios/as habituais, pois acolle aos máis de 250 nenos e nenas das Escolas de Fútbol Denis Suárez, a Sociedade Deportiva de Parderrubias (equipos A e B), o quipo de fútbol 8 feminino das Escolas Deportivas de Salceda e o equipo de Veteranos do Caselas, así como os adestramentos do propio Caselas F. C. As dinámicas actuais e os esforzos en ofrecerlles aos nenos e nenas as mellores instalacións, fan precisas importantes obras de reforma no campo, que con esta primeira fase se verán en parte solucionadas, a espera de seguir acometendo melloras en vindeiros anos, segundo as posibilidades do Concello.



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLANTICO

DIARIAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCA

LOURIÑA

O PORRIÑO

A rede de abastecemento de auga chega a máis de 300 veciños de Contrasto, en Torneiros, onde aparecera o lindano

Desde o día 11 de decembro, máis de 300 veciñas e veciños do barrio do Contrasto, na parroquia de Torneiros, teñen xa acometida á Rede Municipal de Abastecemento do Porriño, tal e como anunciara a alcaldesa, Eva García de la Torre, logo de que se atopasen refugallo de lindano nesta zona, o cal obrigara a pechar numerosos pozos.

A 'traída' municipal chega xa a 83 casas do barrio logo de que o Concello, sufragase na súa totalidade, "sen ningunha axuda por parte da Xunta, que ten as competencias en medio ambiente", os preto de 350.000€ que custou, finalmente, esta obra que permite que todas estas vivendas poidan recibir auga para o consumo diario con todas as garantías sanitarias.

As devanditas obras, sinala a alcaldesa, axustáronse exactamente ás instrucións da Dirección Xeral de Saúde Pública, dependente do Goberno de Galicia, e realizáronse cos máximos niveis de protección e seguridade, tanto para os traballadores encargados das mesmas coma para os habitantes do Contrasto.

García de la Torre, que cumpre deste xeito o compromiso



persoal que asumira coas veciñas e veciños afectados pola aparición de lindano, manterá unha xuntanza con todos eles nos vindeiros días para informarlles, "polo miúdo, como fixen durante todos os meses pasados", sobre a chegada do abastecemento municipal ata as súas casas.

A alcaldesa, lembra, de novo, que foron os cidadáns do Porriño, por medio do seu Concello, os que asumiron "por completo en solitario, en sen axuda ningunha por parte da Xunta de Galicia", os custos de todas e cada unha das accións que se levaron a cabo no Contrasto: o subministro de auga para o consumo diario, a colocación nas vivendas afectadas depósitos de 1.000 litros -nalgún caso ata dous-; a contratación dos servizos dunha

empresa especializada en tratamento da terra na que apareceron restos de lindano, "seguindo as indicacións, criterios e normas do Servizo de Xestión de Residuos e da Administración Autonómica", ou o dobre asfaltado da zona na que se realizaron as obras do saneamento no seu día.

Eva García de la Torre agarada que o Goberno de Galicia, asumindo as súas competencias, "afronte o problema da existencia de lindano soterrado en varios lugares da nosa vila cun plan cuantificado e orzamentado para, en primeiro lugar, identificar e sinalizar as zonas afectadas en todo o Porriño polo depósito de lindano e, de seguido, dar unha resposta efectiva que acabe coa contaminación e os riscos para a saúde".

Carmen Leiras, a avoa do Porriño, celebra os seus 107 anos en familia



Cumprir máis dun século de vida e facelo ao calor dos teus é un feito sen dúbida para celebrar por todo o alto. Ese é o caso da veciña de Mosende, Carmen Leiras Carrera, que onte soplo as 107 velas rodeada de todos os seus seres queridos.

Con motivo do seu cumpreanos a súa familia organizou unha gran festa que foi toda unha sorpresa para ela. Vestindo as súas mellores galas, lucindo un fermoso broche confeccionado por ela mesma e ese brillo nos ollos de quen se sabe querida, Carmen, quen a pesar da súa avanzada idade goza dunha saúde envidiable, festexou toda unha vida. Xunto a ela estaban os seus dous fillos, Pepe e Juan, as súas noras, netos bisnetos e sobriños, as súas coidadoras e tamén o presidente dos populares do Porriño, M. Alejandro Lorenzo, que celebrou con Carmen o seu aniversario e obsequiouna cun fermoso ramo de flores.

Tal e como relatan os seus

fillos, Carmen é unha muller traballadora, con moitísimo carácter e unha loitadora incansable. Orixinaria da parroquia de Mosende, onde naceu un 12 de decembro de 1911, formou a súa familia xunto a José Iglesias Alonso e adicouse a ela toda a súa vida. Nesta data tan sinalada, quixeron demostrarlle como sempre o seu agradecemento polo seu agarimo, tesón e coidados.

"Ver a emoción nos ollos de Carmen ao ter a toda a súa xente reunida en torno a ela é algo impagable", apuntou Lorenzo, "E unha verdadeira honra poder compartir momentos con persoas como Carmen que representan a esa xeración á que tanto temos que agradecer, os seus moitos valores, o seu arduo traballo durante moitos anos para construír o que hoxe temos e como foron quen de saír adiante con moito sacrificio e esforzo. Os nosos maiores son o noso ben máis preciado e poder disfrutar da súa compañía non ten prezo".

**Talleres
Guiller Motor**

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

**Panadería Pastelería
A Fogaza**

Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontearreas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

O PORRIÑO

400.000 euros para mellorar a rúa Donantes de Sangue



A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, e a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, asinaron este luns pasado, no Pazo Provincial, un convenio de colaboración para a execución e financiación dun proxecto beneficiario do Plan de Remodelación e Mellora da Seguridade dos Viarios Municipais (DepoRemse), impulsado pola Deputación e dos que resultaron tamén beneficiados outros 9 concellos, representados polas súas alcaldesas e alcaldes.

O Porriño desenvolve a mellora da mobilidade e seguridade viaria na rúa Doantes de Sangue e a súa contorna, que contará cun orzamento total de 499.815,87 euros, dos que a Deputación pon 424.843,87 euros, o 85 por cento do total, e o Concello

do Porriño, 75.000, o 15 por cento restante.

A presidenta da Deputación, subliñou que o Plan DepoRemse “continúa no obxectivo do Goberno provincial de implementar en toda a provincia un modelo de territorio baseado na seguranza viaria, na mobilidade, na accesibilidade universal e na recuperación do espazo público”.

Pola súa banda, a alcaldesa salientou que “é moi importante no Porriño, o segundo concello que máis medra de Galicia e que está xa nos 20.000 habitantes, que as noas veciñas e veciños contan con espazos máis amplos, abertos, humanos e amábeis, nos que ‘facer vida’, nos que moverse, estar e relacionarse e facelo sen atrancos, sen barreiras e sen perigos”.

“Xornadas desenvolvemento, superación e crecemento persoal” do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades

O Concello do Porriño, a través da súa Concellería de Igualdade, que dirixe Soledad Girón, vén a colaborar no desenvolvemento dunhas xornadas sobre crecemento persoal, que se celebrarán o vindeiro día 29 no Centro Cultural municipal, ás 5 da tarde, que abordarán unha temática actual e importante como é o coidado do benestar individual, coñecer as ferramentas necesarias para facer unha boa xestión das súas emocións e sintomatoloxía. A participación dos poñentes é totalmente altruísta.

Solicítase que as persoas asistentes traian un produto perecedeiro ou non; principalmente e pensando nos máis pequenos : leite , galletas, cacao ou sucedáneos para a súa entrega ao Banco de Alimentos.

A presentación correrá a cargo da concelleira de Igualdade, Soledad Girón e os distintos debates será moderados por José Luis Carnicero Carrera.

As relatorías son as seguintes: ‘A propósito do amor en parella’, a cargo de Manuel Conde, formación en Intelixencia emocional e PNL pola Universidade de Camilo José, socio fundador do proxecto ‘Falla con éxito’, director e fundador da Editorial Supérate; ‘Reiki, el viaje interior’, por Susana Míguez Silva, terapeuta, licenciada en Filoloxía Hispánica, mestra



Soledad Girón, concelleira de Igualdade

de Reiki; ‘1,2,3 Despierta’, por Mónica Martínez, coach especializada en superación de medos; ‘Unha forma diferente de comunicar’, a cargo de Javier Cebreiros, doutor en comunicación; ‘Sueña y gana’, por David Huerga Hierro, Xogador profesional de Póker, emprendedor e inversor, viaxeiro, aventureiro, aprendiz, apaixonado da vida; ‘Da medicación á reflexión’, por Stella Maris Méndez, Médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria. Coach especializada en Xestión de estres laboral crónico e prevención de Burnout en persoal Sanitario; ‘O reto de superar o imposible’, por María José Freire, educadora social especializada en intelixencia emocional, licenciada en Ciencias do Traballo, diplomada en empresas e actividades turísticas, formadora especializada en desenrolo e superación persoal e docente voluntaria en colaboración con diversas ONG’S.



O persoal do Centro de Saúde do Porriño transmítelle ao BNG a alarmante precariedade na que traballa

O pasado 29 de novembro, membros do BNG reuníronse cunha representación dos traballadores do PAC do Porriño. No encontro relatáronnos a grave situación que atravesamos o noso centro de saúde, con importantes carencias tanto de efectivos humanos como técnicos e materiais. Unhas deficiencias que afectan negativamente a asistencia médica, nunha zona cunha poboación crecente.

Concretamente transmitíronnos a necesidade urxente de dotar ao PAC do Porriño dun novo equipo de emerxencias, é dicir, un/ha novo/a médico e un/ha novo/a enfermeiro/a. Actualmente só hai dous equipos e é preciso que o Centro de Saúde do Porriño conte con tres, para que na quenda de tarde ou na fin de semana se garantan as atencións sen esperas longas, tanto nas emerxencias no propio centro como nas saídas a domicilios ao accidentes. Dada a poboación residente e o alto índice de sinistralidade da comarca, debido ao elevado número de empresas e a intensidade do tráfico rodado, é obvio que o actual cadro de persoal de emerxencias

do Porriño é insuficiente.

O persoal denuncia tamén que o Centro de Saúde do Porriño presenta graves deficiencias nas instalacións: non hai espazo suficiente en urxencias para atender os doentes, o mobiliario é escaso e está deteriorado, as padiolas escangállanse polo exceso de uso e a súa idade, as cadeiras teñen o tapizado esnaquizado, etc. É moi deficiente tamén o servizo de limpeza, non hai persoal que traballe nas fins de semana, sendo os propios médicos e enfermeiros/as os que teñen que facer as tarefas de limpeza puntuais.

Como exemplo da deterioración progresiva dun centro médico que leva máis dunha década sen obras de reforma nin recambio no equipamento, o persoal relatounos a situación da sala de observacións. Este servizo médico foi reubicado no antigo cuarto de comunicacións do edificio. Os doentes que están en observación deben agardar a carón do cadro que contén as conexións eléctricas, telefónicas e da rede informática do inmovible. "Isto non é tolerable, xa que impide prestar unha atención sanitaria



de calidade", denuncia o BNG.

A todo isto hai que sumar a falla de espazo no edificio. Xa hai case unha década, cando gobernaba o BNG no Porriño, o concello aprobou a cesión dun terreo lindeiro para que a Xunta de Galicia acometera a ampliación do Centro de Saúde. Pero dende entón o goberno galego, sempre en mans do Partido Popular, desprezou o ofrecemento dos porriñeses e nunca acometeu a ampliación. Tampouco investiu na súa modernización nin no reforzo do equipo sanitario. O BNG leva anos denunciando a situación do PAC do Porriño e demandando por todas as vías posibles a reforma e renovación do Centro de Saúde, pedindo máis pediatras, máis equipamentos para o diagnóstico, máis es-

pecialidades médicas, etc.

Estas son as demandas concretas dos traballadores sanitarios do Centro de Saúde do Porriño. Pero as súas peticións súmanse ao clamor xeral de todo o persoal sanitario de atención primaria de Galiza, que nestes días denunciou publicamente o mal estado do servizo sanitario galego. Unhas denuncias que se traduciron na dimisión en bloque dunha vintena de xefes de servizo da área sanitaria de Vigo.

Ademais da reivindicación de máis persoal e medios para atender como merece a poboación galega, os traballadores do servizo de Atención Primaria presentáronlle ao BNG demandas específicas da súa situación laboral que non se atenden dende o Goberno Galego dende hai

moitos anos. Concretamente piden que haxa paridade no persoal sanitario; que non se penalicen as baixas ou os permisos retribuídos; que se respecte a xornada laboral, diferenciando a xornada ordinaria da complementaria; que se desconxelen os complementos de nocturnidade e festividade que teñen recoñecidos dende o 2008 e están conxelados dende o 2010, que se lles aboe así mesmo a integridade do salario ao que teñen dereito, etc.

Que estas demandas sigan sen ser atendidas é unicamente responsabilidade do goberno do Partido Popular, que prioriza os convenios privados sobre o servizo público de saúde. O BNG subscribe e apoia plenamente as demandas laborais e de servizo que fan os traballadores da sanidade pública galega. Esiximos que dunha vez por todas se amplíe o Centro de Saúde do Porriño, que se dote dos equipos humanos e técnicos necesarios para ofrecer unha atención sanitaria digna aos veciños do Porriño e da súa contorna. O noso pobo non merece que o PP desprece deste xeito as súas demandas.

